

Estou a sentir as vozes
das amigas, das irmãs,
das velas, abriremos

ROSALIA DE CASTRO

(A. Torres de Castro, "Folhas Novas")

AOS BANDAZOS

Estou a sentir as vozes
das amigas, das irmãs,
das velas, abriremos
que de repente, do fundo
do império do gran silencio,
aíroran coraas remotas
estrelas de luz chegando
á noite do duro día
baldeiro que nos aloja.
Hai vozes doutras meliores,
nones antigas que dormen
convertidas en areas
sobre praias rumorosas,

alá, na lonxana costa,

enviando agora acenos,

coma povira de luz

leve brillar entre sombras

de luz perdida que volve,

que quere aliviar

coma o lume do "santalmo"

sobre os mastros, sobre ROSALÍA DE CASTRO

no fragor de gran galerna

(*As Torres de Oeste, "Follas Novas"*)

das vagadas contra a proa,

con lustres triocando velas

da esperanza coma escotas.

1

Estou a sentir as voces

dos canigotes, das nosas

íntimas canles escuras

que de repente, do fondo

do imperio do gran silencio,

afloran coma remotas

estrelas de luz chegando

á noite do duro día

en ti canteando,

baldeiro que nos afoga.

perdido,

no galeto,

Hai voces doutras mellores

noites antigas que dormen

convertidas en areas

no porto,

buscando encallarme sobre praias rumorosas,

aló, na lonxana costa,
enviando agora acenos,
coma poeira de lúa,
leve brillar entre sombras
de luz perdida que volve,
que quere alumar, luz morna,
coma o lume do “santelmo”
sobre os mastros, sobre as cofas
no fragor da gran galerna
das vagadas contra a proa,
con lustres trincando velas
da esperanza coma escotas.

2

Eu serei o barco
en ti desnortado,
en ti caneando,
perdido,
ao garete,
sen temón nin carta,
entregado,
ao pairo,
buscando encallarme

na túa enseada.

Eu quero o gran día:

ir ao porto, ceibo,

e facer que a tarde

non teña remate,

na redemuíña,

no virar dos ventos,

na busca da airexa

que nutre o velame

interior da nave

para alá das marxes,

para alá das horas,

turrando do tempo

que se desamarra

de normas,

reloxios,

da torre de garda.

Sentirei enteira

a donda cruzía

en curva,

as cadeiras,

os suaves cordames

das guedellas finas

en son de bandeiras

dende a popa á proa

e de couso a arca.

No abrazo seremos

a rede ben chea,

o mar nun gran lance.

3

Lonxanía fría,

chuviñosa,

escura.

¡Amiga, que dura

a nosa distancia!

Navego ás bordadas

con rotas amuras

pola treboada.

Treman mastros,

falcas,

obenques,

escotas,

a ponte,

a enxarcia.

O barco, aos bandazos,
soltándose estais,
abríndose as gazas.

As velas coas drizas
que se esgarrapizan,
que se desbandallan.

E ti coma un faro
de pedra, sen lume,
moi lonxe, calada.

Sei que xa se esfragan
e desencadernan
bordas e regalas,
que vou sen remedio
contra do rochedo,
sen remo, sen balsa.

SEI QUE SE DERRUBA
TODA A ARBORADURA
DESTA NAVE NÁUFRAGA.